



3.1- Introduce a concreción curricular de infantil do teu centro:

Se accedes á etapa de Educación Infantil, deberás seleccionar unha das concrecóns curriculares dispoñibles para traballar con ela. **Por defecto a aplicación cargará a concreción curricular do CEIP Pedro Antonio Cerviño**, podendo cambiar á concreción das dispoñibles empregando o despregable dispoñible a este fin, incluída a do teu centro se a introduces.

Escolle entre as concrecóns curriculares do currículum de infantil dispoñibles entre dispoñibles.

The screenshot shows the 'Programame infantil' application interface. At the top, there is a navigation bar with the logo, user information (oscar_abilleira), and links to 'AS MIÑAS APLICACIONES', 'inicio', and 'GAL | CAST'. Below the header, the title 'Prográmame infantil' and 'Xerador de oscar_abilleira' are displayed. A dropdown menu is open, showing 'CEIP Falso de probas' and 'CEIP Pedro Antonio Cerviño', with the latter being selected. The main content area has tabs for 'CARTAFOLES', 'PROGRAMACIÓN E CURRÍCULO', 'UDIS', 'DIARIO DE CLASE', 'ALUMNADO E GRUPOS', and 'FORO'. The 'PROGRAMACIÓN E CURRÍCULO' tab is active. On the left, there is a search bar and a button 'CREAR NOVO CARTAFOL'. Below it, a section titled 'ESCOLLE UN DOS TEUS CARTAFOLES' lists several cartafol entries: '2016/2017 (EI1 - EI2)', '2015/2016 (EI1 - EI2)', '2014/2015 (EI1 - EI2)', 'UDIS xenéricas e agrupamento por tipo', and 'PROBAS_CFR'. On the right, a green box titled 'SITUACIÓN DOS INDICADORES TRABALLADOS NO CARTAFOL: 2016/2017 (EI1 - EI2)' shows indicators for '4º INF.', '5º INF.', and '6º INF.'. It includes a table for 'Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medida.' with four items: '4º-CC.1.1', '4º-CC.1.2', '4º-CC.1.3', and '4º-CC.1.4'. Each item has a description and a color-coded progress bar. The progress bar for '4º-CC.1.1' is red and shows '11s'. The progress bar for '4º-CC.1.2' is brown and shows '10s'. The progress bar for '4º-CC.1.3' is green and shows '12s'. The progress bar for '4º-CC.1.4' is blue and shows '10s'. There is also a note in Spanish: 'Traballado nas UDIS ou no diario de clase do cartafol'.

Cada unha das concrecóns curriculares contarás cos seus propios cartafoles e UDIS, non sendo posible traballar con dúas ou más concrecóns á vez, deste xeito:

- Se se crea un cartafol nunha concreción só será visible cando esta estea dispoñible, así como as UDIS que conteña.
- Se se comparte un cartafol creado nunha concreción só será visible polos usuarios convidados se teñen escollida a concreción en cuestión.
- No listado de UDIS públicas só poderás ver e copiar aquellas creadas baixo a mesma concreción que se teña escollida nese momento.

Programame lembrará a túa elección de xeito que, cada vez que accedas á etapa de infantil, automaticamente será seleccionada a concreción na que estabas a traballar no teu último acceso.

Se no teu centro tedes elaborada a vosa concreción curricular, a partir dos criterios de avaliación de infantil, podedes metela en programame de modo que apareza no listado de concrecóns dispoñibles.

Sería interesante que o usuario que introduza esta concreción sexa un usuario creado polo centro, o mesmo que xa se creou, do ser o caso, para introducir os perfís do centro.

Debes ter en conta que cando introduzas unha concreción curricular na aplicación está será pública





para tódolos usuarios, de igual modo que agora mesmo o é a do CEIP Pedro Antonio Cerviño, de xeito que calquera poderá empregala para crear as súas UDIS.

3.1.1.- Que teño que facer para poder meter a concreción curricular de infantil do noso centro en programame?

Para poder introducir a concreción curricular do voso centro en programame está terá que estar creada segundo a estrutura empregada na aplicación, ver seguinte punto, e **solicitalo a info@recursoseducativos.net**, para poder dar os permisos pertinentes ó usuario solicitante (preferiblemente un usuario de centro, o que xa se empregou para a introducción dos perfiles de centro) e engadir o nome do centro no despregable.

3.1.2.- Como temos que crear a nosa concreción curricular de infantil para poder metela en programame? [ver vídeo-tutorial ó respecto na aplicación]

A concreción curricular de infantil que empregamos en programame baséase nun modelo similar ó currículum das restantes etapas, elaborando no centro diferentes indicadores de logro para cada un dos criterios de avaliación (o que verán a ser os estándares das restantes etapas).

A este criterio tamén se lle asocian os obxectivos e contidos do currículum, ambos xa introducidos na aplicación polo que non terás que voltar a metelos, senón que únicamente precisarás ter creados os indicadores de logro para cada estándar.

A cada **indicador deberedes asignarlle un código** para poder logo empregalo nas UDI, respectando as siglas establecidas na aplicación para as tres áreas: CC -> Coñecemento do Contorno, LCC -> Linguaxe Comunicación e representación e CSMAP -> Coñecememnto de si mesmo e autonomía persoal.

Este código para cada indicador podería ter, por exemplo, a estructura CC.1.1 (que se leería CC – criterio 1 – indicador 1)

Podes ver como podería ser a estrutura do mesmo escollendo a concreción do CEIP Pedro Antonio Cerviño e elexindo xerar -> currículum

Por outra banda, se queres “seleccionar un indicador nun estándar e que sexa marcado noutros niveis” nas UDI (por exemplo en caso de unidades mixtas de infantil), deberedes organizalos nun planing comparativo, de modo que se poidan indicar as asociacións entre os mesmos.

Podes ver como podería ser a estrutura deste planning comparativo escollendo a concreción do CEIP Pedro Antonio Cerviño e elexindo xerar -> perfil de área -> planing comparativo.

Unha vez elaborado este documento chegará o momento de introducilo na aplicación.

3.1.3.- Como introducimos a nosa concreción curricular de infantil en programame?

Lembra que para poder levar a cabo a introdución desta concreción curricular debes solicitalo previamente, para que o teu usuario (preferiblemente o usuario de centro usado para crear os perfiles de centro) poida ter acceso á “xestión da concreción”.

Con este primeiro paso xa efectuado, tan só terás que elexir a concreción correspondente e escoller a opción “xestionar concreción” na parte inferior da aplicación.





LIBRE CONFIGURACIÓN AMOSAR ÁREAS DE LIBRE ELECCIÓN DE CENTRO (LEC)

XESTIONAR CONCRECIÓN

MANUAL DE AXUDA (pdf)

VÍDEOS DE AXUDA

Verás a opción de xestionar concreción cando teñas permisos para a concreción seleccionada nese momento.

En canto pulses esa opción chegarás a unha nova ventá na que terás que ir introducindo os diferentes indicadores para cada criterio (verás que os criterios e contidos xa están introducidos e non poden se modificados)

Non podes modificar nin os criterios nin os contidos do currículum oficial, xa que forman parte da aplicación.

Pulsa o botón + INDICADOR para engadir un novo indicador deste criterio de avaliación.

Xestionar o currículo de infantil CEIP Falso de probas

Autorizado a oscar

LIBRE CONFIGURACIÓN LIBRE ELECCIÓN DE CENTRO

CC CSMAP LCR PLE

MANUAL DE XESTIÓN

CURSO	ÁREA	CONTIDO	CRITERIO	INDICADOR [CC]	ENGADIR
4º	CC	CC-B.1.1 - Interese pola exploración e clasificación de obxectos presentes no medio, recoñecendo as súas funcións e usos cotiáns. CC-B.1.2 - Recoñecemento dalgúns	CC.1 - Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoller os seus atributos e cualidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios. [Bloque 1]		+ indicador
4º	CC	CC-B.1.5 - Recoñecemento e emprego do número na vida diaria e a súa funcionalidade (clasificar, numerar, contar, informarse, ordenar elementos). CC-B.1.9 - Utilización de xogos de mesa	CC.2 - Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual. [Bloque 1]		+ indicador
4º	CC	CC-B.1.8 - Proposición e resolución de situacíons problemáticas sinxelas da vida cotiá. CC-B.1.10 - Investigación do comportamento físico do material e	CC.3 - Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacíons cotiáis, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade. [Bloque 1]		+ indicador

Tan só terás que completar estes campos.

criterio: CC.1
curso: 4º
área: CC

código do indicador (p.e: CNB1.1.1):

texto do indicador:

Competencias Clave (CCL, CMCT, CD, CAA, CCEC, CSIEE, CSC):

Relacionado co indicador do XADE - opcional - (só infantil Galicia) [descargar lista]:

engadir indicador

Introduce o código do indicador, o texto do mesmo e as competencias clave ás que contribúe.

Introduce, opcionalmente, o texto ou textos dos indicadores do XADE que estean relacionados co indicador que acabas de engadir. Revisa o punto 3.1.4, de seguido, para ver cal é a finalidade desta opción. Podes descargar esta lista de indicadores na ligazón.





Unha vez introducido aparecerá na lista de indicadores do criterio de avaliación. Podes modificalo pulsando no botón “editar” ó lado de calquera indicador.

CURSO	ÁREA	CONTIDO	CRITERIO	INDICADOR [CC]	ENGADIR
4º	CC	CC-B.1.1 - Interese pola exploración e clasificación de obxectos presentes no medio, reconhecendo as súas funcións e usos cotiáns. CC-B.1.2 - Reconhecemento algúns	CC.1 - Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Reconhecer os seus atributos e cualidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios. [Bloque 1]	editar 4º-CCB1.1 - Indicador 1 do criterio [CMCT, CD]	+ indicador
4º	CC	CC-B.1.5 - Reconhecemento e emprego do número na vida diaria e a súa funcionalidade (clasificar, numerar, contar, informarse, ordenar elementos). CC-B.1.9 - Utilización de xogos de mesa	CC.2 - Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual. [Bloque 1]		+ indicador
4º	CC	CC-B.1.8 - Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá. CC-B.1.10 - Investigación do comportamento físico de materiais e	CC.3 - Proponer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade. [Bloque 1]		+ indicador
4º	CC	CC-B.1.4 - Identificación de figuras xeométricas básicas (cadrado, círculo, triángulo). CC-B.1.19 - Exploración lúdica das propiedades e características algúns	CC.4 - Reconhecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas. [Bloque 1]		+ indicador

Lembra que podes borralo escribindo – borrar - no código do indicador.

Poderás tamén indicar, cando edites o indicador, o número “asociado” para poder crear o planing comparativo, tal como se indicou anteriormente.

curso do indicador : 4º
área do indicador: CC
criterio onde se atopa o indicador:CC.1

código do indicador (p.e CNB1.1.1): (escribe borrar e garda os cambios para eliminar este indicador se o deseñas)

4º-CC.1.1

texto do indicador:

Agrupa os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo.

Competencias Clave (CCL, CMCT, CD, CAA, CCEC, CSIEE, CSC):

CCL, CMCT, CSIEE

Asociado (número 1, 2,...):

2

Relacionado co indicador do XADE - opcional - (só infantil Galicia) [\[descargar lista\]](#):

Agrupa os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo

gardar cambios no estandard

Introduce o mesmo número nos diferentes estándares “asociados” nos diferentes niveis para poder crear o planing comparativo.

Introduce, opcionalmente, o texto ou textos dos indicadores do XADE que estean relacionados co indicador que acabas de engadir. Revisa o punto 3.1.4, de seguido, para ver cal é a finalidade desta opción. Podes descargar esta lista de indicadores na ligazón.

3.1.4.- Para que serve ter relacionados estes indicadores cos do XADE en programame?

Cando introduces os indicadores da concreción curricular elaborada no teu centro, será con eses indicadores cos que elabores as túas UDIS e os que empregarás na programación de ciclo e nivel, mais no boletín XADE que se remiten ás familias temos que escoller “algúns” dos indicadores da listaxe que nos ofrecen.





Para decidir que indicadores/items escoller nos boletíns do noso centro de Infantil, para cada nivel, área e trimestre, deberíamos ter en conta que estes teñan relación cos traballados e avaliados.

Se indicas en programame con que indicadores XADE están relacionados os da concreción curricular do teu centro, tan só terás que xerar o currículum (programación > xerar > currículum) ou xerar o planing comparativo do perfil de área (programación > xerar > perfil de área > planing), e escoller a área e nivel que desexes, e marcando a nova opción de “amosar relacionados co XADE” de modo que poderás ter un documento onde aparezan listados os indicadores “escollidos” e que deberían figurar no boletín.

Cando xeras o currículum da concreción curricular do teu centro (Escollida no desplegable) podes escoller que se inclúan os indicadores relacionados no XADE (de estar introducidos en programame)

The screenshot shows the 'CURRÍCULUM' section of the programame application. At the top, there is a header with the school name 'CEIP Pedro Antonio Cerviño' and a link to 'A do teu centro?'. Below the header, there are several tabs: 'CARTAFOLES', 'PROGRAMACIÓN E CURRÍCULO' (which is currently selected), 'UDIS', 'DIARIO DE CLASE', 'ALUMNADO E GRUPOS', and 'FORO'. There are also icons for Android and Apple devices. On the right side, it says 'Traballando en: 2016/2017 (EI1 - EI2)' and shows a user profile icon. A large arrow points from the explanatory text above to the 'PROGRAMACIÓN E CURRÍCULO' tab.

Usar a concreción curricular do CEIP Pedro Antonio Cerviño A do teu centro?

Traballando en: 2016/2017 (EI1 - EI2)

CARTAFOLES PROGRAMACIÓN E CURRÍCULO UDIS DIARIO DE CLASE ALUMNADO E GRUPOS FORO

Xerar a lista de distribución por trimestres, ponderación e instrumentos de avaliação dos indicadores do cartafol.
MODELO PARA PROGRAMACIÓN SEN AGRUPAR

Xerar a lista de distribución por trimestres, ponderación e instrumentos de avaliação dos indicadores do cartafol.
MODELO PARA PROGRAMACIÓN AGRUPADO

Xerar PERFIL COMPETENCIAL do cartafol

área: Coñecemento do contorno (CC) no nivel: 4º
Incluir mínimos do perfil de área do cartafol
Incluir Indicador/es relacionado no XADE (só infantil Galicia)

XERAR CURRÍCULO

Lembra que podes descargar a lista de indicadores availables do XADE na parte inferior da aplicación ou directamente desde [AQUÍ](#).

3.1.5.- Como usamos a nosa concreción curricular introducida en programame?

Tan só teredes que escoller no despregable o nome do voso centro, ó igual que poderán facer o resto dos usuarios para poder traballar con ela, por exemplo na creación das UDI.

